

## Lírica

### Poemas

Emma Pedreira

#### *D.*

Descansa. Dorme, despézate. A fin do día é para elucubrar canto máis pesa a alma na súa burbulla de fume. Se non estala

aspira o seu vértice mineral; así é como se forma o elo que te levará ao día seguinte pasando levemente pola noite.

Descansa, perde esa pel luxada de hoxe marcada cos sinais das freadas e os ataques. Táctil, no poro que queda, existe un roce de cariño que non deixa pegadas e contra ese

non podes loitar máis que un instante que se chama coma ti e que se chama beixo ou verso ou carthago delenda est.

Prega as azas dentro deste frío, rebenta na túa escarcha con rubor de ósos que entrechocan, ese ruído de cánulas de quen remexe plumas, unha lección para durmir coa boca atascada de papoulas.

Vixía profundamente alerta ese soño detonado. Non para nada se é a máis forte da tribo, o corvo que non descansa nunca, o depredador perchado no valo, expectante. Dá igual tanto ten, até a herba ficará fría e durmida

e ti aínda no teu insomnio insistes no intenso da culpa. E tremes. Un breve instante eléctrico no bordo das pálpebras descarga o teu cansazo, pole os teus dentes e o teu nome, árdeche a hora de non ser nada.

Descansa en paz,  
tranquila e limpa.

***E.***

E entende que eu,

con absoluta rabia, procúroche un lugar na sombra e non, non, esa non é a maneira, a luz debe entrar en ti como nunha casa limpa e impregnarte as fendas.

Con azos de ceibar o teu corpo, permíteme lembrarte que ningunha peza do teu puzzle é prescindible. Que ningunha pedra baixo o teu pube é reprobable.

Con ardente estridencia comentarche o feito de que só ti deberías escribir con poutas brancas na túa pel o que che apeteza. Nunca un número de serie, unha pertenza, unha tinta indeleble doutra cánula

que non sexa

a vea esa que desaba no corazón.

**P**

Porque é tan rabiosa a nosa potencia a que nos coseu na palma das mans este labirinto como de moeda candente e a súa cobiza; aperta ben ese tesouro contra o embigo ou boca contra o peito contra a cava aorta femoral hipotálamo. Neses lugares imponse a dor na súa arestra máis pracenteira. No punto máis alto do perineo, no seu delta de elasticidade, rompéstesme a última fibra do sorriso e aí apuntalada, en modo catapulta, a vida afinal presentouse.

A morte cose tamén neses lugares.

Necesariamente a morte feita de ganduxos, arromba as bocas.

As miñas mans levan labradas cicatrices douradas, a nervadura das poutas das miñas fillas cando quixeron zafarse de min e sair paxaros.

Que doarlles ante o seu futuro frío máis que a xiria do leite, as olleiras das tetas, as estrías arredor da boca e os costuróns.

Na maleta do noso apelido está todo para que vistan de raíñas e que sexan tan altas tan lixeiras libres e necesariamente voen sobre os meus ósos cando eu caia.